

Comeza a folga indefinida convocada en Povisa contra a perda de dereitos laborais

LA HAINE-GALIZA :: 17/03/2014

Hoy lunes 17 dará comienzo una huelga indefinida en el hospital vigués Povisa para rechazar la constante pérdida de derechos laborales y rebaja en la calidad asistencial

Galego

Hoje luns día 17 dará comeza unha nova folga indefinida no hospital vigués Povisa para rexeitar a constante perda de dereitos laborais por parte do cadro de persoal e a rebaixa da calidade asistencial no centro médico que está a afectar xa a pacientes e usuarios/as. A decisión foi adoptada en asemblea despois de que a empresa anunciase 13 novos despedimentos ao rematar sen acordo a negociación da modificación substancial das condicións de traballo

Os sindicatos presentes no comité decidiron non convocar nin apoiar a folga- compareceron este mediodía para explicar motivos detalles da convocatoria de paro indefinido que dará comezo a partir das 0 horas do luns día 17 de marzo.

Entre eles citaron a constante perda de dereitos laborais, o que está a repercutir negativamente na calidade da asistencial. “Non podemos seguir tolerando a perda das nosas condicións laborais (xornada, promoción interna...), os incumprimentos das sentenzas por parte da empresa, as conxelacións salariais dende o ano 2010 ou as reducións de xornada obrigatorias”, indican.

Neste senso, aseguran que o cadro de persoal leva anos desenvolvendo o seu labor “baixo a coacción e a ameaza de despedimentos que finalmente se foron cumprindo, como foi o caso de Consuelo Martínez, das 15 persoas que traballaban no arquivo ou das 27 limpadoras/es; e agora poñen enriba da mesa 13 novos despedidos como represalia por non ter aceptado a modificación das condicións laborais”.

Castellano

Hoy lunes día 17 dará comienzo una nueva huelga indefinida en el hospital vigués Povisa para rechazar la constante pérdida de derechos laborales por parte del cuadro de personal y la rebaja de calidad asistencial en el centro mérido que está afectando ya a pacientes y usuarias/os. La decisión fue adoptada en asamblea después de que la empresa anunciase 13 nuevos despidos al finalizar sin acuerdo la negociación de la modificación sustancial de las condiciones de trabajo.

Los sindicatos presentes en el comité decidieron no convocar ni apoyar la huelga - comparecieron este mediodía para explicar motivos de la convocatoria de paro indefinido que dará comienzo a partir de las 00 horas del lunes día 17 de marzo.

Entre ellos citaron la constante pérdida de derechos laborales, lo que está repercutiendo negativamente en la calidad asistencial. "No podemos seguir tolerando la pérdida de nuestras condiciones laborales (jornada, promoción interna...), los incumplimientos de las sentencias por parte de la empresa, las congelaciones salariales desde el año 2010 o las reducciones de jornada obligatorias", indican.

En este sentido, aseguran que el cuadro de personal lleva años desarrollando su labor "bajo coacción y amenaza de despidos que finalmente se han ido cumpliendo, como ha sido el caso de Cönsuelo Martínez, de las 15 personas que trabajaban en el archivo o de las 27 limpiadoras/es; y ahora ponen encima de la mesa 13 nuevos despidos como represalia por no haber aceptado la modificación de las condiciones laborales".

<https://galiza.lahaine.org/comeza-a-folga-indefinida-convocada-en-p>